



Mentres todos bailan

Ser *dj* en Galicia

Foto Janife

03

A fundación Luís Seoane lembra as imaxes rotas de Alberto Datas

04 Confesonario 06

Os zombis de Amando de Osorio e o cine galego de "Serie B"

Le Punk presenta o seu novo disco no noso Confesonario particular

Kolectivo 07

Alfonso da Silva López, nas diversas caras dun poliedro

Artellando 08

Roberto Valerio descubrenos o son do galpón en terra de ninguén

bitákora dez

Vigo_Pontevedra

Representación de *A cea dos xenerais*, de José Luis Alonso de Santos. Con Sancho Gracia, Juanjo Cucalón, Ana Goya. Dirección de Miguel Narros. 10 de maio ás 20.30 horas
Centro Cultural Caixanova.



Compostela_ A Coruña

Exposición *Portas de luz* sobre ás manifestacións das artes plásticas e de outras artes na Galicia dos anos setenta. Ata o 3 de maio.
Centro Galego de Arte Contemporánea.



Lugo

Festival de Música Cidade de Lugo. XXXVII Semana do Corpus
Do 24 de abril ao 1 de xuño.
Consultar programación para ver datas, horarios e lugares (www.lugo.es)



Vigo_Pontevedra

Exposición *Manuel Eirís. Rúa Palma, nº 9, 2º*
Ata o 21 de xuño.
Museo de Arte Contemporánea (MARCO).



A Coruña

Exposición de pintura *Antes de onte e pasado mañá, ou o que pode ser pintura hoxe*. Ata setembro.
Museo de Arte Contemporánea de Unión Fenosa (MACUF)



Pontevedra

Representación de *Giseliña*, a cargo do Centro Coreográfico Galego, dirixida por Cisco Aznar. 24 de abril ás 21:00 horas.
Pazo da Cultura.



Vigo_Pontevedra

Concerto de Niños Mutantes e Monoral
23 de abril ás 22:00 horas.
Mondo Music Club.



A Coruña / Vigo_Pontevedra

XIV Ciclo de Jazz.
Do 18 de abril ao 21 de maio. Consultar programación e horarios de actuación (www.fbarrie.org)
Pazo da Ópera (A Coruña) e Teatro Salesianos (Vigo).



Compostela_ A Coruña

Concerto da Orquestra de Cámara Galega *De Haendel a Groba*. Director-concertino: Rogelio Groba Otero.
25 de abril ás 20:30 horas.
Espazo Arteria. Sede da SGAE.



Ourense

Exposición *Virxilio, Vicente e Antón Risco, retallos dunha amizade*. Ata o 3 de maio.
Museo Municipal.




Escaparate



VV.AA. Gallaecian Metal Compilation II_Silent Tree

Segunda entrega dunha iniciativa que xa deu moito que falar dous anos atrás, que nos presenta unha compilación do metal máis duro ao oeste do Padornelo. Pero o proxecto inicial mudou de maneira contundente dende o seu deseño inicial. Se no ano 2007 presentaron un CD dobre con 27 bandas galegas, o que agora presentan é un CD audio sinxelo (80 minutos de duración) que virá acompañado pola publicación da revista de balde *Gallaecian Metal Compilation Magazine*.

A partires de agora, a intención do colectivo é a de editar un disco de características similares segundo vaian chegando novas propostas das bandas galegas como para encher o CD, polo que o prazo de inscrición xa está aberto para todos os interesados. En calquera momento podemos anunciar a entrega da terceira edición deste compilatorio.



Alberte Momán_A crise irredutible_Lulu.com

Alberte Momán deleitou nos primeiros pasos de Kalaikia coa publicación por entregas da súa novela *O efecto iguana*. Agora contraataca de novo cun traballo orixinal, desta volta en verso, unha colección de poemas que el mesmo presenta na contracapa con estas palabras: "Pertenzo ás fronteiras do medo á crise eterna irredutible, pertenzo e pertencemos nós a un país sen estela propia cinto e inseguro, aplacado polo desexo asumido de ser como a xente".

Apesares do que nos presenta a actualidade informativa, a crise da que fala Alberte Momán partindo da premissa descrita non ten nada que ver con bancos nin baixadas ou subidas da bolsa nin dos tipos de interese, senón que vai moito máis lonxe para debullar un discurso arredor daqueloutra crise que nos define como individuos integrantes do común da sociedade. Dende unha perspectiva subxectiva, Momán cántanos as corenta á súa maneira e pregúntase cal é o prantexamento ao que nos aferramos.



Linko_David Valero / Xosé Zapata_Longametraxe

Por vez primeira en España preséntanos unha película de longa duración na que se misturan personaxes reais con fondos e animacións dixitais, ao estilo de cintas de éxito como *300* ou *Beowulf*. E tiña que vir a novidade, como non, dende Galicia, con cartos aportados pola Consellería de Cultura e tamén polo Ministerio de Educación.

David Valero e Xosé Zapata asinan unha cinta con guión de Rafael Calvo, ambientada nun futuro apocalíptico logo da destrución da civilización por mor das guerras. No aeroporto abandonado dunha cidade remota, Kurt e mailo seu fillo pequeno fan unha vida aillada, xa que só o abastecedor aéreo, Rocka, coñece a súa existencia. Ou así era ata que un día chega ao lugar un pirata violento que se fai chamar Linko, que anda na procura de algo que Kurt garda, ao mellor sen sabelo.

Más información en www.linkothemovie.com.

As imaxes rotas de Alberto Datas



Quen é Datas?



Alberto Datas naceu en A Coruña en 1935, e se ben mantivo ao longo de toda a súa vida profundos vínculos con Galicia, a súa traxectoria profesional e persoal desenvolveuse fundamentalmente en Madrid, onde cursaría estudos na Escola de Belas Artes de San Fernando.

En 1961 obtén unha bolsa do Ministerio de Asuntos Exteriores español e da Embaixada Italiana en España para estudar a pintura mural co artista italiano Bruno Saetti en Venecia. Entre 1965 e 1968, é pensionado da Academia Española de Belas Artes en Roma. De volta a Madrid, compaxina a súa actividade artística coa docencia, primeiro na Academia de Belas Artes de San Fernando e posteriormente na Facultade de Belas Artes da Universidade Complutense de Madrid.

A súa obra evolucionou desde a práctica figurativa ata a desaparición de toda forma recoñecible dentro dunha abstracción consciente. Dentro dese proceso e desde que comeza a expoñer en 1969, é posible distinguir unha vontade de estudo rigoroso na relación entre as profundidades do feito pictórico e a subxectividade creativa. Deste xeito, as súas primeiras obras de carácter figurativo non pretendían ser reflexo estrito da realidade, senon que tentaban, a través da representación de obxectos cotiáns, acadar un coñecemento máis fondo do mundo.

Tras un período no que considera que xa tiña acadado ese primeiro obxectivo, a súa obra vai introducindo pouco a pouco nunha abstracción po-boada polo que o pintor denomina "imaxes rotas". É entón, a mediados da década dos 70, cando a súa pintura se achega ao expresionismo abstracto, que xa non abandonará.

Nas súas obras é posible recoñecer a influencia de creadores coma Willem de Kooning, Jackson Pollock ou Arshile Gorky, ademais da aparición dun feísmo consciente que bebe de autores coma Dubuffet ou os artistas CoBRA. É importante suliñar a súa participación na exposición Atlántica, da que xurdiría o movemento renovador da plástica galega, se ben a inclusión de Datas na devandita mostra tivo máis un carácter de recoñecemento á influencia que a obra deste tiña sobre os artistas xóvenes galegos.

edación

O pasado 11 de decembro de 2007 facelía o pintor Alberto Datas en Madrid, á idade de 72 anos. Considerado coma un dos artistas galegos máis importantes da segunda metade do século XX, a súa obra discorre paralela ás correntes artísticas máis destacadas da súa época, sendo exemplo dun expresionismo abstracto herdeiro de creadores da talla de Kandinsky, Jackson Pollock ou Dubuffet, de quen absorbeu un feísmo elaborado e consciente.

A exposición que presentan agora a Fundación Luis Seoane e a Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, baixo a coordinación do Ministerio de Cultura, xestouse conxuntamente co artista coruñés, co que a súa cidade natal pretendía saldar unha débeda prolongada quizáis por demasiado tempo, un proxecto interrompido tristemente polo pasamento do pintor, que agora se troca en fonda homenaxe e recoñecemento á traxectoria dun creador imprescindible.

Nesta ocasión, a mostra que acolle a Fundación Luis Seoane está formada por vinte e sete pinturas de gran formato nas que o artista recuperou a súa vertente máis expresiva, reflexando deste xeito un testemuño decisivo e unha visión completa da obra deste creador na derradeira etapa da súa vida. Lenzos que, agás nalgún caso puntual, xamais foran expostos. Asimesmo, a mostra inclúe unha escolla dos seus gravados e debuxos, onde o artista amosa unha sorprendente sensualidade e unha gran frescura que non impiden apreciar un dominio técnico extraordinario.

Conta asimesmo cun apartado documental no que se recolle unha exhaustiva escolla de documentos sobre a traxectoria biográfica, académica e creativa do artista, desde fotografías familiares a documentos académicos, bibliografía destacada ou correspondencia persoal, todo isto co obxectivo de ofrecer ao espectador unha visión o máis fiel posible dun artista que soubo facer do seu pulo creativo fundamento da súa vida personal e profesional a un tempo.

+info

Alberto Datas
[1935-2007]
Fundación Luis Seoane
A Coruña
Até o 28 de xuño



Zombis templarios en Galicia

seve_ernández_calaza

Zom bis, vampiros, tumbas, castelos en ruínas, pobos malditos, gritos na noite, sadismo... por unha banda, e tamén elegantes planos secuencia, ritmo dos acontecementos e do relato en función da imaxe, efectos sonoros, control absoluto da posta en escea, por la outra banda.

Todos estes elementos misturados son ofrecidos pola asombrosa obra cinematográfica de Armando de Ossorio (A Coruña, 1918/1925¿? - Madrid, 2001), un director un tanto olvidado no estado español, pero que na súa etapa de esplendor das súas décadas dos sesenta e setenta, asombraba pola calidade das súas atmósferas e postas en escea en Alemaña e no mercado anglo-saxón.

Practicante dun cine de xénero menosprezado pola crítica máis ampulosa e divagante, Armando de Ossorio se definiu estilisticamente no cine de terror e misterio, máis aínda, a calidade do material que está nas máis de vinte películas que filmou, sentaron as bases dunha política de produción e difusión que desgraciadamente tivo poucas achegas de proveito no cine realizado no estado español.

Un cine de atmósfera que parte do máis sinxelo e accesorio: relatos da tradición oral ou as lendas autóctonas de Gusta-

vo Adolfo Bécquer, para converter en imaxes relatos cinguidos á memoria colectiva. Así sucede na súa obra mestra, *La noche del terror ciego* (1972), que concreta a variedade de rexistros do director coruñés: inspiración en correntes cinematográficas foráneas (a italiana de terror), que se ollaban con desprezo tanto pola cinematografía oficial como pola de autor no estado español, pero da que Ossorio sacaría moito proveito; e a amalgama de rexistros visuais, sonoros e literarios, o que poderíamos chamar, estética *pulp*. Outros cineastas que tamén están neste termo medio da produción, alonxados da pura intelectualidade, máis tamén de liñas oficialistas, son Jesús Franco, ou Paul Naschy; Ossorio comparte con eles os orzamentos reducidos, o efectismo visual, a tendencia cara o cine de xénero (terror, erótico, ou gore), e o talento por facer un cine directo e de meridiana comprensión para conformar un discurso propio e atrincheado tanto para o espectador máis esixente coma para o que non o é tanto.

Partimos dos zombis e chegamos ata o relato visual, elegante e diverso, que nos ofrece Armando de Ossorio. De moi poucos cineastas do estado español se pode dicir hoxe en día, que fomentaron cine de xénero participativo e que crea industrias, misturado co entretemento e a inquietude que provocan as súas películas.



FILMOGRAFÍA

- Serpiente de mar, 1980
- Pasión prohibida, 1980
- Las almañas, 1976
- La endemniada, 1975
- La noche de las gaviotas, 1975
- El buque maldito, 1974
- Las garras de Lorelei, 1974
- El ataque de los muertos sin ojos, 1973
- Boda en Lagartera, 1973
- Centro nacional de promoción profesional, 1973
- La Noche de los Brujos, 1973
- La noche del terror ciego, 1971
- Malenka, 1969
- Escuela de enfermeras, 1968
- Arquitectura hacia el futuro, 1967
- La niña del patio, 1967
- Pasto de fieras, 1967
- El tre del Colorado, 1966
- La tumba del pistolero, 1964
- Perseo y Medusa, 1963
- La bandera negra, 1956



Mientras todos bailan...

Janite

sergio_lagartija

Aínda hai moita xente que asocia aos *djs* cos múltiples excesos que ofrece a noite. Púxenme por primeira vez ante un equipo -e ante un público- con 16 anos, e a xente chamábanos *picadiscos*, posto que os *djs* "picaban" *techno* e nós, só unha canción tras outra.

Recoñezo sentir pánico ante todos eses botóns e luciñas e non considereiro xusto que fose tan complicado, ¡se debía ser marabilloso conseguir a canción perfecta no momento axeitado! Nese sublime obxectivo centraba eu os meus esforzos, deixando o asunto dos ameazantes botóns para os verdadeiros *djs*, que picaban *techno*.

Pronto vin que non era tan fácil contentar a todo o mundo pero ao mesmo tempo descubrín algo marabilloso: que resultaba posible dominar as sensacións que flotan no ambiente a través da música. E iso fascinoume e pensei que debía ser ese o verdadeiro poder dun *dj*.

A finais dos 90 en Galicia recoñezo que a xente aínda non nos tomaba demasiado en serio, e era a xente máis nova sorprendentemente a que tiña a imaxe máis prexudicial de nós e o noso traballo, pois para eles eramos moito máis bébedos

que artistas. Pero de súpeto chegou ás nosas preciosas costas a onda expansiva dalgunha explosión producida nalgún outro lugar onde se esgotaban as etiquetas para os distintos xéneros, como resultado dunha absoluta fusión de estilos musicais.

Perdéronse os prexuízos e aqueles bares de rock (que eran moito máis que rock) achegáronse aos clubs (que eran moito máis que *techno*) e desa mestura de ritmos, que si precisa mestría, un puñado de *djs* saímos moi ben parados e a xente descubriu que había *djs* nacionais e ata *djs* galegos que sacudían as pistas de antigos bares e dos novos, que se multiplicaban a unha velocidade abraiante. Soan Primal Scream, que ás veces son os Rolling Stones e outras veces Underworld, e todos os seus seguidores. Franz Ferdinand, por suposto. Grupos frescos, sen complexos, que conviven á perfección cos clásicos.

A consecuencia diso en Galicia é unha oferta envexable que só necesita de maiores infraestruturas para estar ao nivel de Madrid ou Barcelona. Magníficos *djs* galegos picando fóra das nosas fronteiras: *Iván Dj*, *Onurb_Zaq*, *Lagartija*, *Emé Dj*... Retorcendo os botóns, rodeados de luciñas que agora parecen submisas. Mentres todos, todos bailan.



Confesionario Le Punk / POR X. RAMÓN COUÑAGO

Le Punk vén de cumprir dez anos de vida no mundo do rocanrol. E para celebralo, editan un novo álbum cheo de cancións de arrabal, de espírito tabernario, de trinchera e pegada profunda. *Mátame*, que así se titula, é a nova aportación dunha das bandas máis inclassificables do panorama actual.

- FÍXESTEDES COUSAS CON XENTE COMO PEREZA OU BUNBURY, SON ESPellos NOS QUE VOS MIRADES? CALES SON AS VOSAS INFLUENZAS?

- As nosas influenzas... nos sempre fomos un grupo bastante influenciado nese sentido... somos xente que escoita moita música... asimilámola interiormente e logo cando te pos a crear saen as cousas case de xeito inconsciente pero sabes o que che gustou e sae a selección. Así que non buscamos influenzas concretas. Agardamos que as cousas surxan, que a canción surxa e logo vemos. Vamos absorvendo cousas, preñámonos de cousas e logo cando te enfrontas a un tema, a facer unha canción ou un disco comezan a saír cousas ás veces das que non eres moi consciente pero que logo, nunha segunda

fase, do traballo xa recurras a recursos propios. Eu persoalmente penso que só hai dous tipos de música: a boa e a mala, a que está ben feita e a que está mal feita, independentemente do estilo musical e de todas estas cousas...

- COMÉNTASE QUE SODES UN GRUPO DIFÍCIL DE ETIQUETAR EN CANTO AO VOSO ESTILO COMO VOS DEFINIRÍADES?

- Nos definímonos como un grupo de rock pero para facer arreglos recurrimos a técnicas diversas. Cando fixemos o grupo realmente comezamos a tontear porque todos tiñamos os nosos grupo de rock, máis normais, máis ao uso. Montamos LePunk para achegarnos ao tango, á música balcánica, ao cabaret e a cousas así... por unha

cuestión de
enre-

dar para aprender. Iso tense quedado no espírito do grupo. Logo os membros de LePunk deixamos o resto das cousas e adicámonos en exclusiva a este proxecto e ese espírito quedouse con nós. Considerámonos un grupo de rock porque somos xente que aprendeu a escoitar música a partir do rocanrol e aprendemos a tocar co rock. O que pasa é que agora recurrimos a un tipo de sónicas que fan que as cancións sexan máis ricas. Eu creo que o que se chama fusión é máis unha actitude. Os músicos que se definen a sí mesmos como fusión teñen unha determinada actitude cara á música e os ritmos. Nós, se acaso, o que facemos é

mezclar
estilos.

- O

VOSO



NOME DE LE PUNK DESPISTA UN POUCO Á XENTE, PORQUE O ESCOLLESTES?

- Escollémolo porque queda curioso o artigo en francés que soa suave coa terminación punk. Ao principio si que era controvertido... pero levamos casi dez anos e agora a xente xa está acostumada e o nome xoga ao noso favor. É un nome gracioso nese sentido.

- SODES UN GRUPO CON CONSTANTES SAÍDAS E ENTRADAS DE XENTE NA FORMACIÓN, COMO LEVADES ISTO?

- Temos sido sempre seis ou sete compoñentes é normal que haxa saída e entrada de músicos porque as xiras dentro dunha banda de tantas persoas son sempre delicadas e tampouco hai diñeiro suficiente como para que a xente aposte por un traballo de xeito definitivo. O que sucedeu foi que entre o primeiro e o segundo traballo tivemos dous trocos e entre o segundo e o terceiro outros dous. En ambos discos saímos reforzados a nivel persoal os que nos quedamos, os tres que estabamos dende o principio que somos Dani O patillas, no baixo, Joe, na guitarra, e Alfredo que son eu. Ademais destes músicos temos contado con outra xente para sacar este disco na sección de vento, no piano. Así dámoslle ao traballo outro punto de vista. Vistes máis os temas, prepáralos. Cando preparas un disco en certo xeito cristalizas, sacas unha fotografía do momento no que estás entón estas son cousas que nos temas se reflicten.

mentiras

andrés_mahía*



OS MOTIVOS DA TRAIZÓN

Os motivos da traizón resumen a historia do mundo, igual que un diamante resume a historia dunha montaña de carbón. Brandon P. Fogerty, un escocés que buscaba ouro nas Rocosas a medidados do XIX, foi un traidor. Tras abandoar ao seu irmán e dalo por morto, Fogerty fíxose inmensamente rico e aínda hoxe da nome a unha praza en Helena, a capital do estado de Montana. Anos máis tarde, Fogerty financiaría as industrias de P.H. Singleton e en 1909 era o terceiro accionista da empresa Coca Cola Inc. No Nadal dese ano, Fogerty recibiu unha visita inesperada, a do seu irmán Stephen, o



morto.

Fogerty non quixo falar con el nin solicitarlle perdón. Preferiu quitarse a vida con arsénico e cocaína. Un suicidio por remordimento.

A transición entre os motivos animais da traizón e a angustia humana da culpa é á evolución máis sofisticada e fermosa que ningún home pode transitar. En calquera biografía debería haber unha traizón, unha pesadumbre e un luminoso suicidio redentor. Pero hai que empezar pola traizón. Así que veña, a divertirse.

*Andrés Mahía é guionista

Alfonso da Silva López, nas diversas caras dun poliedro

Logo de varios Kolectivos nos que diversos grupos musicais quixeron darse a coñecer, desta volta tócalle o turno ao artista redondelán Alfonso da Silva López. Un artista polidríco e imaxinativo.

Da Silva, foi alumno do pintor redondelán Suso Ben co que comezou a súa formación artística. Licenciouse en Belas Artes no ano 2003 na especialidade de pintura.

Ten feito diversas exposicións tanto individuais como colectivas da súa obra pictórica, onde trata temas coma o paso do tempo, nos seus retratos feitos en grafito ou óleo que somete ás inclemencias meteorolóxicas deixando as marcas sobre a obra, ou nas obras feitas sobre materiais reciclados, coma sábas ou papeis usados.

O tema da morte e o sufrimento en relación cō erotismo tratouno nunha serie de óleos nos que vese influenciado pola época barroca e autores coma Caravaggio e Ribera, representando corpos e laceracións cunha grande dose de drama.

Nos seus últimos traballos reflexiona sobre a psicoloxía do modelo, combinando o tratamento clásico da pintura con elementos próximos ó collage, non abandoando nunca as súas obsesións persoais.

Asímesmo ten feito varias colaboracións cō artista Xoán Anleo na creación de varias pezas de videoarte, coma o vídeo introductorio na obra teatral "Os Homes só contan ata tres", da Factoría Teatro.

No tocante á súa labouira coma ilustrador, ten publicados dous libros: "a lenda da Coca de Redondela", de Xesús Cameselle Ben e o conto infantil "Marcelo o



"Morcego", da editorial Galaxia e que se publica este mesmo ano.

Asímesmo te feito varias colaboracións cō artista Xoán Anleo na creación de varias pezas de videoarte, coma o vídeo introductorio na obra teatral "Os Homes só contan ata tres", da Factoría Teatro.

Para saber máis sobre Alfonso da Silva entra en: <http://www.alfonsodasilva.es>.



EL CASTIGO DISCIPLINA CAÑÍ

4:3

jacobo_paz *



Como espectador desta miniserie de Antena3, un ten a mesma sensación que diante dos informativos de Telecinco: parece pensada para sacar ao reaccionario que todos levamos dentro. O habitual é que o público se identifique co protagonista para que sufra como propios os seus padecementos. Neste caso, sucede todo o contrario.

Cando vemos a actitude do personaxe principal, un adolescente internado nun centro especial para a súa reeducación, comprendemos que é un caso perdido, que a súa rehabilitación vai ser un fracaso porque sen arrepentimento non hai redención posibel. Entón poñémonos do lado dos carcereiros, pero son tan lerdos que tampouco podemos sentir empatía por eles.

De modo que nin vítimas nin verdugos cumpren o seu papel con eficacia e un comeza a pensar que a idea que subxace baixo este proxecto é culpar á sociedade, que infunde valores ambiguos a través da asignatura de *Educación para a Cidadanía*, e

aos pais, que non fan da familia o refuxio espiritual da tradición católica. Así que rezade: a xuventude está perdida.

*Jacobo Paz é guionista





Som do Galpóm viaxan a *terra de ninguén*

roberto_valerio

GRUPO: Som do Galpóm
 TÍTULO: *Em terra de ninguém*
 EDITADO POR: Falcatrudada
 GRAVADO EN: Casa de Tolos

Som do Galpóm debuta no mundo discográfico cunha das propostas musicais máis persoais da escena galega actual. O traballo recolle material completamente novo e temas rescatados da súa maqueta do 2008 (*Som do Galpóm, A Regueifa Plataforma*).

A priori, pódese destacar a incorporación da contundencia da batería ao estilo do grupo. Música-fusión que o quinteto autodenomina como funki-reggae-rap pero que incluso sobrepasa a complexidade desta etiqueta grazas ao son do violino. Toda unha base musical que serve de plataforma para o movemento, a reivindicación e o sentimento que caracterizan as letras do Som do Galpóm.

O novo material rexistrado está capitaneado polo primeiro single do disco, *Quedamos nesa praza*, que xa se comeza a escoitar polas radios do país. *Fantasma* é outro adianto que exemplifica a riqueza temática que contén o disco, tanto na música como nas letras: unha volta aos medos infantís que se desprenden das lendas mil veces escoitadas polo rural galego.

Lonxe de repetir o pasado inmediato, os temas máis vellos da banda son revisións que dan como resultado pezas incluso moi diferentes ás orixinais. Serva como exemplo disto a nova versión de *A rosa do deserto* ou os arranxos de *Na cama*, unha das cancións máis coreadas do 2008.

Sen dúbida, *Em terra de ninguém* é unha das principais referencias discográficas para este 2009.



mòqlsp_ob_moz